



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ESTUDANTADO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN SERVIZOS CULTURAIS DA FACULDADE DE HUMANIDADES

En Santiago de Compostela a 20 de febreiro de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da **Universidade de Santiago de Compostela**, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Da outra Dona Ana Isabel Vázquez Reboredo, con NIF: ***7068** representante da **Fundación Cidade da Cultura de Galicia**, con CIF: G15721640 e con domicilio social en Lugar de Monte Gaiás, s/n, en calidade de Directora Xerente, en virtude dos poderes outorgados polo Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia na súa sesión de data de 16 de decembro de 2016, elevados a público en data 19 de decembro de 2016.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación abonda para a formalización do presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

- I. Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a), a posibilidade de que o estudantado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realice prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.
- II. Que o Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do estudantado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.
- III. Que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen (Disposición adicional primeira) que “a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de persoas profesionais externas no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración”. Así mesmo, no art. 51. f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.
- IV. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela, de aí que sexa un dos obxectivos da USC



complementar a formación teórica mediante as prácticas en entidades que lle permitan ao estudiantado coñecer a realidade laboral.

- V. Todas as partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do estudiantado universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.
- VI. Con este convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do estudiantado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.
- VII. A USC comprométese ao respecto do dereito fundamental de protección de datos e de privacidade, polo que cumprirá de xeito leal co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)*, coa *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* e co resto da lexislación española aplicable nesta materia.

En consecuencia, acordan formalizar o presente convenio de cooperación coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO.

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de **prácticas académicas externas** do estudiantado nas instalacións da Cidade da Cultura de Galicia, así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

As prácticas poderán ser:

- **Curriculares**, contempladas nos plans de estudo.
- **Prácticas conducentes á elaboración dos Traballos fin de grao / Traballos fin de máster**, segundo se contempla nos plans de estudo e demais normativa de aplicación.
- **Extracurriculares**, ou complementarias.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Segunda.- CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS.

Realizarase, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder o período ordinario do curso académico con límite até o 30 de setembro do curso seguinte.

O órgano previsto na convocatoria efectuará a selección do estudiantado conforme os criterios establecidos, que deberán ser taxados e nos que se terá en conta o rendemento académico. No caso de que a convocatoria das prácticas non concrete a valoración dos méritos, o órgano de selección deberá elaborar e publicar os ditos criterios antes da análise dos expedientes.

En todo caso, terán prioridade nos procesos de selección as prácticas curriculares sobre as extracurriculares. Así mesmo outorgarase prioridade na elección e adxudicación de prácticas ao estudantado con discapacidade, con obxecto de que poidan optar a empresas nas que teñan unha adaptación de medios para realizar as prácticas.

Unha vez asignado o destino das prácticas e antes do seu inicio, a/o estudante deberá formalizar a oportuna matrícula nos prazos que se establezan.

Terceira.- REQUISITOS DO ESTUDANTADO EN PRÁCTICAS.

Poderá participar nas prácticas o estudantado do Máster Universitario en Servizos Culturais

Para a realización das prácticas académicas externas o estudantado deberá cumprir os seguintes *requisitos*:

- a) Estar matriculado na titulación á que se vinculan as prácticas segundo as competencias que debe adquirir o estudantado.
- b) **Prácticas curriculares:** Non ter superados os créditos vinculados a prácticas externas curriculares, e non ter realizado o depósito do título. O estudantado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas curriculares adxudicadas.
- c) **Prácticas extracurriculares:** Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatorias precedentes, agás que a actividade que vai desenvolver sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa empresa; e non ter realizado o depósito do título. O estudantado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares adxudicadas.
- d) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada en que se van realizar as prácticas, agás autorización expresa do órgano convocante e da entidade colaboradora que se poderá outorgar cando as prácticas non teñan ningunha relación co contido do contrato laboral en vigor.
- e) Calquera outro requisito establecido na convocatoria de matrícula ou normativa de aplicación ás prácticas académicas externas.

Cuarta.- NÚMERO DE PRAZAS DE PRÁCTICAS.

O número de prazas que se convoquen para realizar as prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a USC.

Quinta.- DURACIÓN DAS PRÁCTICAS, RÉXIME DE PERMISOS E CONDICIÓN DE RESOLUCIÓN ANTICIPADA DAS PRÁCTICAS.

1. A duración das prácticas será a seguinte:

- a) As **prácticas externas curriculares** terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos establecidos polo artigo 14.5 do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguranza da súa calidade.
- b) As **prácticas externas extracurriculares** terán unha duración non superior ao cincuenta por cento do curso académico, é dicir, 30 ECTS (ou sexa, 750 horas, considerando unha equivalencia de 25h/ECTS).

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas súas características e as disponibilidades da entidade colaboradora. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo/a estudante na universidade.
3. O réxime de permisos será acordado entre a entidade colaboradora e o/a estudante, e deberá adaptarse ás normas que a universidade poida establecer. En todo caso, a entidade colaboradora deberá respectar as obrigas que se deriven do cumprimento da actividade académica e formativa, así como da representación e participación do estudiantado.
4. Poderá ser excluído das prácticas académicas o estudiantado que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas polo titor ou titora da entidade colaboradora. Neste caso, a entidade colaboradora comunicará á universidade esta circunstancia e, de común acordo, ambas as entidades poderán dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dos dereitos formativos e, de ser o caso, económicos que corresponderan ás persoas beneficiarias.

No caso de que as prácticas na entidade colaboradora non se axusten ao acordado coa Comisión de Título poderán ser rescindidas. Nestes casos, a Comisión de Título ou órgano competente deberá ofrecer unha solución para completar o período que lle reste ao/á estudante para finalizar as prácticas.

Así mesmo, o estudiantado en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas, o que deberá ser resolto pola vicerreitoría con competencias en materia de prácticas académicas.

Sexta.- PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS.

O proxecto formativo en que se concretará a realización das prácticas académicas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir o estudiantado. Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. *Este proxecto formativo especificase no anexo a este convenio para a realización de prácticas académicas externas.*

Sétima.- VINCULACIÓN DO ESTUDANTADO EN PRÁCTICAS COA ENTIDADE COLABORADORA.

1. A relación do estudiantado en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no “Estatuto dos Traballadores”.
2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que o estudiantado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
3. A entidade colaboradora non poderá cubrir co estudiantado en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.
4. Durante o período de prácticas non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o estudiantado.

Oitava.- ASEGURAMENTO DO ESTUDANTADO E RESPONSABILIDADE CIVIL.

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo seguro escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para o estudantado maior de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, ao seu cargo, un seguro de accidentes.
2. A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubrirá as posibles contingencias durante o desenvolvemento das prácticas, nos termos estipulados na póliza. Non obstante, no caso de prácticas en que concorran riscos excepcionais ou outras circunstancias, e así se considere na convocatoria, poderán contratarse seguros adicionais.
3. No caso de realización de prácticas académicas externas fóra do territorio nacional, o estudantado está obrigado a ter un seguro médico que garanta a asistencia sanitaria no país onde realizará o seu período de prácticas (Tarxeta Sanitaria Europea ou seguro privado). Con todo, as prestacións da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado poden non ser suficientes en caso de repatriación ou determinadas intervencións médicas, polo que se recomenda ao estudantado a contratación dun seguro complementario privado. En calquera caso, solicitaráselle que acredite a tramitación da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado antes da súa partida. O estudantado que realice prácticas no estranxeiro deberá subscribir un seguro adicional de asistencia en viaxe que cubra, polo menos, responsabilidade civil privada, danos a terceiros, accidentes persoais e repatriación.

Novena.- INCLUSIÓN NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL DO ESTUDANTADO QUE REALICE PRÁCTICAS EXTERNAS BAIXO A APLICACIÓN DO PRESENTE CONVENIO.

1. A realización de prácticas externas ao amparo do presente convenio determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, que quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social.
2. No caso das prácticas non remuneradas o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá:
 - Para os estudantes matriculados nas titulacións que se imparten nos centros propios da USC, á Universidade de Santiago de Compostela (USC), que asumirá a condición de empresario e deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que lle facilite a empresa/institución xxxxxxx.
 - Para os estudantes matriculados nas titulacións que se imparten nos centros adscritos á USC, á entidade xurídica titular do centro correspondente.
3. A cotización á Seguridade Social axustarase ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, para o caso de prácticas formativas non remuneradas.
4. **A Universidade de Santiago de Compostela (USC)** garantirá o cumprimento do establecido nesta cláusula para cada un dos estudantes que, en base a este convenio, sexan autorizados pola empresa/institución xxxxx para a realización de prácticas nas súas instalacións.
5. No caso das prácticas remuneradas, o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá a estes efectos a condición de empresario.

6. Esta cláusula será de aplicación para todo o estudiantado que realice prácticas externas ao amparo deste convenio a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Décima.- DEREITOS E DEBERES DO ESTUDANTADO.

O estudiantado en prácticas terá dereito a contar cun titor ou titora externa da entidade colaboradora na que as realice, e un titor ou titora académica da universidade.

O estudiantado en prácticas terá dereito a:

- a) Ser avaliado no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor ou titora externa. O estudiantado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.
- b) Que se lle imputen os créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén coa avaliación positiva do seu período de prácticas. No caso das prácticas extracurriculares, a que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndoas constar no expediente e no SET sempre que contén con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.
- c) Expedición, por parte da entidade colaboradora, unha vez finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, dunha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
- d) Percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) Que se lle recoñeza a propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) Dispoñer, no caso do estudiantado con discapacidade, dos recursos necesarios para o acceso á tutela, á información, á avaliación e á realización das prácticas en igualdade de condicións.
- i) Conciliar, no caso do estudiantado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou relacionadas coa súa situación de discapacidade.
- j) Aquel outros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.

No caso das prácticas curriculares se o estudiantado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación de prácticas na seguinte convocatoria.

No caso de prácticas extracurriculares se o estudiantado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade xestora ou da entidade colaboradora, poderá optar pola devolución dos prezos

públicos pagados, pola súa inclusión nunha lista de agarda ou pola súa inscrición automática nunha nova convocatoria. Este estudantado terá preferencia sobre as novas solicitudes de prácticas extracurriculares.

Así mesmo terán os dereitos establecidos no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do estudante universitario”, e nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Durante o período de prácticas, o estudantado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.

Con relación á entidade en que se desenvolven as prácticas, o *estudiantado deberá*:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c) Gardar o debido coidado respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f) Cumprir calquera outra prevista na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora.

O estudantado de prácticas curriculares estará obrigado á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados, de acordo co establecido no plano de estudos, para obteren o recoñecemento académico.

O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

Décimo primeira.-TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

A cada estudante seralle atribuído un titor ou titora académica que será docente da titulación por designación do centro para cada práctica ofertada e coa misión de facer un seguimento máis directo, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor ou titora académica tamén será o responsable de avaliar ao estudantado de prácticas externas curriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación establecido pola USC.

Cada estudante contará tamén cun titor ou titora na entidade colaboradora onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido polo/a estudante.

Décimo segunda.- DEREITOS E OBRIGAS DOS TITORES E TITORAS.

A.- O *titor ou titora externa* da entidade colaboradora terá dereito a:

1. O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade, a través da súa solicitude.
2. A recibir información acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
3. A recibir información sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
4. A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

B.- O *titor ou titora externa* da entidade colaboradora terá os seguintes *deberes*:

1. Acoller ao estudantado e organizar as actividades consonte o establecido no proxecto formativo.

2. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
3. Informar o estudiantado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
4. Coordinar co titor ou titora académica da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio, que deberán contemplar:
 - a. As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o desenvolvemento das prácticas.
 - b. A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
 - c. O control de permisos para a realización de exames e/ou outro tipo de actividades de carácter académico.
5. Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio. O informe final deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.
6. Proporcionar a formación complementaria que precise o estudiantado para a realización das prácticas.
7. Proporcionar ao estudiantado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
8. Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudiantado.
9. Facilitar ao titor ou titora académica da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
10. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudiantado como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
11. Prestar axuda e asistencia ao estudiantado durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

C.- O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes dereitos:

- a) Recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
- b) Recibir información verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do estudiantado que debe tutelar.
- c) Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.

D.- O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes deberes:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do estudiantado.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas, coordinándose co titor ou titora externa da entidade colaboradora e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Avaliar as prácticas do estudiantado titorizado de acordo co que se establece no artigo 25 do Regulamento de prácticas académicas externas da USC (aprobado no Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015).

- e) Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
- f) Informar á persoa responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o estudantado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Décimo terceira.- MEMORIA DAS PRÁCTICAS.

Ao rematar o período de prácticas cada estudante deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido, que entregará ao titor ou titora académica. O seu contido mínimo axustarase ao establecido no Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela e ao modelo propio do centro, se o ten.

Décimo cuarta.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.

O titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do estudantado, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

Décimo quinta.- CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do estudantado sexan favorables, a entidade colaboradora emitirá para cada estudante unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos, quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a USC das prácticas.

Décimo sexta.- EFECTOS DAS PRÁCTICAS.

A realización das prácticas curriculares polo estudantado computará para a obtención dos títulos correspondentes co carácter establecido no plan de estudos.

No caso das prácticas extracurriculares, non formarán parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente e no Suplemento Europeo ao Título, sempre que se realizaran antes da finalización dos estudos.

Décimo sétima.- PROTECCIÓN DE DATOS.

As partes comprométense a cumprir o establecido no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)*, así como na *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

O estudantado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as prácticas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto o/a estudante poderá asinar coa entidade colaboradora un documento en que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.



A Universidade de Santiago de Compostela (USC) protexe e garante o dereito fundamental á protección de datos e amósase especialmente sensibilizada pola salvagarda da privacidade das persoas. O tratamento de datos faise de acordo co *Regulamento (UE) 2016/679* citado, coa *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, así como co resto da lexislación española aplicable nesta materia. Así as cousas, este tratamento responde aos principios de licitude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.

Décimo oitava.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Créase unha comisión de seguimento e interpretación do presente convenio. Intégrana por parte da USC o vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en quen delegue, e a persoa responsable das prácticas do centro, e por parte da entidade colaboradora as dúas persoas que esta designe. O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en quen delegue, será a persoa interlocutora da Universidade coa entidade colaboradora en todo o relativo a este convenio.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

1. Resolver os problemas que presente a execución do convenio.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a decisión de dar por finalizadas as prácticas para aqueles estudantes que incumpran gravemente as obrigas inherentes ás mesmas.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Décimo novena.- NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIAS.

A falta de determinación no convenio, seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguranza da súa calidade.
- Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.
- Plan de estudos da titulación.
- Convocatorias de prácticas externas e demais disposicións xerais de aplicación.
- Aplicación supletoria do Regulamento para a xestión de convenios e protocolos xerais de actuación na Universidade de Santiago de Compostela (aprobado polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2021), das resolucións e acordos sobre esta materia e que non se opoñan ao Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela.
- De ser o caso, seranlle de aplicación as normas sobre afiliación e cotización de prácticas externas realizadas polo estudiantado universitario.



Vixésima.- VIXENCIA DO CONVENIO.

O Convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de catro anos, e en todo caso polo tempo que duren as prácticas do estudiantado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Vixésimo primeira. - RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas nel, tras a reunión da Comisión de Seguimento.

A denuncia do convenio poderá ser realizada por calquera das partes, debendo comunicalo por escrito coa antelación establecida na cláusula vixésima.

Unha vez extinguido o convenio deberá asegurarse ao estudiantado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo a posibilidade de finalizalas.

Vixésimo segunda.- XURISDICIÓN.

As partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da Comisión de Seguimento.

Non obstante recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das universidades.

En proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio no lugar e data da última sinatura dixital.

<p>POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Por delegación do Sr. Reitor (RR do 21-04-2022 DOG do 26-04-2022) O Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo,</p>	<p>POLA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA A Directora Xerente,</p>
<p>Don Francisco José Fraga López</p>	<p>Dona ana Isabel Vázquez</p>

ANEXO

ANEXO AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS MÁSTER UNIVERSITARIO

CURSO ACADÉMICO 202...../202....

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Cooperación Educativa subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade colaboradora, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: Curriculares Extracurriculares Traballo fin de grao/máster

2.- Estudante beneficiario ou beneficiaria deste Convenio

Apellidos e nome:

.....

DNI

Correo electrónico

Teléfono

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3.- Titulación e curso no que está matriculado ou matriculada

.....

4.- Centro de traballo e localidade onde se desenvolverán as actividades:

.....

.....

5.- Titor ou titora académica:

D/Dona.....

con DNI.....

6.- Titor ou titora de prácticas da Entidade Colaboradora:

D/Dona.....

con DNI.....

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): do..... ao

Nº total de días:Horas/día:

8.- (De ser o caso especificar a forma de pago) Prevese unha aportación ao/á estudante por parte da Entidade dunha axuda ao estudio de.....€/mes,..... €/día, € pola totalidade da práctica, que se aboará:

(A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o estudiantado terá a condición de empresa, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do estudiantado en prácticas e, de ser o caso, a cotización cando corresponda, segundo o establecido na cláusula novena do presente convenio).

9.- O réxime de **permisos** será acordado pola entidade colaboradora e o estudiantado, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación do estudiantado tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

10.- O **obxectivo** educativo destas prácticas é que o estudiantado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas reflectirase para cada caso neste apartado. O proxecto formativo terá en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. O perfil e o nivel de profundización dependerán dos labores a desenvolver polo estudiantado dentro do marco do convenio de colaboración. O estudiantado realizará unha estadía onde porá en práctica os coñecementos adquiridos, adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.

12.- Sistemas de **avaliación e control**: O titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora¹ e da memoria final do/da estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13.- O/A estudante comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no convenio:

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñeza na súa tarefa.
- d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora.

¹Conforme ao disposto na cláusula décimo segunda, apartado B, punto 5, o informe deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.

14.- Información de protección de datos da USC:

Entidade	Universidade de Santiago de Compostela
Responsable do tratamento	O órgano responsable do tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela. Para calquera dúbida poderá poñerse en contacto con protecciondatos@usc.gal .
Finalidade	Xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica administrativa.
Lexitimación	Prestación do servizo público de educación superior (Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).
Persoas destinatarias	Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.
Dereitos	As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica en http://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.html .
Información Adicional	A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en: https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/proteccion-datos-caracter-personal
Transferencias internacionais	Non se prevén

O que se asina, por triplicado, en, a.....de.....de 202.....

Titor/Titora académica,	Titor/Titora de prácticas da entidade colaboradora,	O/A estudante,
Asinado:	Asinado:	Asinado: